

ACTIVIDADES PRINCIPAIS



Producción de **materiais docentes** para materias universitarias sobre difusión do patrimonio e participación comunitaria, co fin de promover a diversidade na educación patrimonial.



Desenvolvemento de **novas características tecnológicas** para o sistema ArchaeoTrail, proporcionando unha difusión plurivocal das narrativas patrimoniais.



Incorporación de **perspectivas diversas** nas rutas patrimoniais para teléfonos intelixentes.



Creación de **rutas para teléfonos intelixentes** na República Checa, Serbia e España en cooperación con diferentes actores locais: comunidades, estudantes, arqueólogos.



Desenvolvemento de **directrices e titoriais en vídeo** para que as comunidades locais poidan crear de forma autónoma rutas empregando o sistema ArchaeoTrail.



Avaliación e difusión de todos os materiais (directrices, materiais docentes, rutas) entre diferentes públicos (comunidades locais, estudantes, etc.).



Sensibilización sobre a diversidade cultural e fortalecemento das comunidades rurais.


SHARITAGE

Participación comunitaria europea no patrimonio cultural compartido mediante ferramentas dixitais



Financiado pola Unión Europea

Digitally enabled community-based European SHared cultural heRITAGE engagement




SHARITAGE

...ten como obxectivo promover a diversidade e a inclusión na educación universitaria sobre patrimonio mediante o desenvolvemento de ferramentas dixitais innovadoras que permitan ás comunidades participar activamente no seu propio patrimonio. O proxecto busca situar as voces e perspectivas das comunidades no centro da docencia e da aprendizaxe universitarias.

Baseándose no sistema ArchaeoTrail —unha plataforma aberta para crear rutas patrimoniais para teléfonos intelixentes—, SHARITAGE engadirá funcionalidades técnicas que melloren a accesibilidade, así como directrices completas e recursos docentes adaptables. Isto facilitará a integración do sistema ArchaeoTrail nos plans de estudo patrimoniais en toda Europa, fomentando enfoques máis participativos e inclusivos na educación cultural.

Sistema ArchaeoTrail

O sistema ArchaeoTrail consta dun **portal web** e dunha **aplicación para teléfonos intelixentes**. O portal web permite a arqueólogos e outras persoas crear rutas interactivas con estacións xeorreferenciadas que inclúen textos, imaxes, audio, vídeo e cuestionarios sobre xacementos arqueolóxicos. A aplicación asociada permite aos visitantes explorar estas rutas mediante visitas autoguiadas — todo completamente de balde.



CONSORCIO

O consorcio comprende dez socios de seis países europeos:

Universidade de Würzburg (GER)
Coordinación do proxecto

Autentek Development (GER)

Universidade Carolina de Praga (CZE)

Universidade Constantino o Filósofo en Nitra (SVK)

Universidade Goethe de Frankfurt am Main (GER)

Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT-CSIC) (ESP)

Instituto para a Protección dos Monumentos Culturais de Serbia (SRB)

Universidade de Belgrado (SRB)

Universidade de Bohemia do Sur (CZE)

Universidade de Wrocław (POL)

CONTACTO

Prof. Dra. Stephanie Döpfer

Investigadora principal – stephanie.doepper@uni-wuerzburg.de

archaeotrail.org/sharitage @sharitage_eu @sharitage.bsky.social Sharitage

ERASMUS+ COOPERATION PARTNERSHIPS 2025-1-DE01-KA220-HED-000351808

“Financiado pola Unión Europea. Porén, as opinións e puntos de vista expresados son só dos autores e non reflicten necesariamente os da Unión Europea nin os de NA-DAAD. Nin a Unión Europea nin a autoridade financiadora poden ser consideradas responsables deles.”